



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias setembro 2010

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2010

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia durante o mes de setembro de 2010 acadou a cifra de 1.020.300 para o total do sistema o que supón un descenso respecto ao mes de agosto de 2010 de 8.913 afiliacións (un -0,87%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 17.671.480, rexistrando un descenso do -0,25% con respecto ao pasado mes de agosto.

Na comparativa interanual (setembro de 2009 con setembro de 2010) obsérvase un descenso de 18.622 afiliacións no total do sistema en Galicia (un -1,79%), superior á diminución do 1,47% (-263.615 afiliacións) no conxunto estatal.

Cabe destacar que todas as comunidades presentan taxas interanuais negativas (agás Ceuta e Melilla), as que acadan un menor descenso relativo son País Vasco(-0,56%) e Navarra (-0,67%). En canto ás taxas con respecto ao mes anterior, a maioría presentan crecementos tamén negativos, as de maior aumento positivo da afiliación son Castilla La Mancha (0,95%), La Rioja (0,83%) e Canarias (0,68%).


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2010	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	17.671.480	-44.984	-0,25	-263.615	-1,47
Galicia	1.020.300	-8.913	-0,87	-18.622	-1,79
Andalucía	2.865.014	-10.052	-0,35	-38.049	-1,31
Aragón	541.157	-2.501	-0,46	-6.905	-1,26
Asturias	384.057	-4.779	-1,23	-5.219	-1,34
Baleares	451.596	-13.014	-2,80	-7.864	-1,71
Canarias	682.187	4.636	0,68	-20.844	-2,96
Cantabria	218.202	-3.922	-1,77	-2.493	-1,13
Castilla La Mancha	712.928	6.744	0,95	-16.213	-2,22
Castilla y León	930.995	-1.262	-0,14	-14.186	-1,50
Cataluña	3.129.327	-3.763	-0,12	-29.096	-0,92
Comunidad Valenciana	1.673.594	-9.087	-0,54	-41.533	-2,42
Extremadura	388.191	-5.048	-1,28	-3.553	-0,91
Madrid	2.796.992	8.695	0,31	-40.459	-1,43
Murcia	518.736	-6.861	-1,31	-10.630	-2,01
Navarra	267.066	875	0,33	-1.936	-0,72
País Vasco	926.837	2.546	0,28	-5.251	-0,56
La Rioja	125.091	1.029	0,83	-1.369	-1,08
Ceuta y Melilla	39.209	-307	-0,78	697	1,81

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social descendeu con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que sofre o descenso máis forte nas afiliacións interanuais cunha taxa de variación do -2,54% o que supón unha perda de 9.294 afiliacións; a de menor descenso relativo é A Coruña, onde se rexistraron 5.106 afiliacións menos que en setembro de 2009, un -1,18%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes con respecto ás do mes de agosto de 2010, todas as provincias diminúen o seu número de afiliados. O maior descenso relativo atopámolo en Lugo cunha taxa de variación do -1,28% e 1.655 afiliacións menos. A Coruña con 3.703 afiliacións menos que no mes anterior é a que acada un maior descenso en termos absolutos.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2010	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	428.340	-3.703	-0,86	-5.106	-1,18
LUGO	127.744	-1.655	-1,28	-2.448	-1,88
OURENSE	107.937	-626	-0,58	-1.774	-1,62
PONTEVEDRA	356.279	-2.929	-0,82	-9.294	-2,54
GALICIA	1.020.300	-8.913	-0,87	-18.622	-1,79
ESPAÑA	17.671.480	-44.984	-0,25	-263.615	-1,47

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.- Información segundo réxime de afiliación


As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 73,4% das afiliacións galegas en setembro de 2010, diminuíron un 1,18% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un descenso do 1,65%. En España estas taxas foron do -0,48% con respecto ao mes anterior e do -1,39% en relación ao mes de setembro de 2009. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (64,9%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas, o maior descenso correspóndelle a Lugo (-3,15%) e o menor a Pontevedra (-2,14%), o decrecemento medio da comunidade situouse no -2,47%. Para este réxime e con respecto ao mes de agosto, todas as provincias amosan taxas negativas sendo Ourense a que ten a taxa máis baixa (-0,27%).

No réxime especial agrario, Ourense acada unha taxa interanual negativa do -1,36% mentres que en Pontevedra o crecemento foi do 10,4%. No conxunto da comunidade, o crecemento interanual para este réxime foi do 4,74%, superior ao nacional que presentou un descenso do 0,68%. Con respecto ao mes anterior, as afiliacións galegas aumentaron un 18,31% destacando a taxa do 51% e a do 40,9% de Pontevedra e Ourense respectivamente.

Polo que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a setembro de 2009 son negativas en todas as provincias agás en Lugo que rexistra un aumento do 3,85% mentres que a taxa galega acada o -1,9% e a nacional o -2,78%.

No réxime especial de empregados do fogar e en termos interanuais, ningunha provincia presenta taxas de crecemento interanual positivas, o que fai que a taxa interanual galega estea no -0,87% fronte ao 1,76% nacional. As taxas intermensuais son tamén negativas en todas as provincias, o descenso medio galego é do -0,19% e o de España do -0,7%.




Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA DE SETEMBRO 2010	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	428.340	-0,86	-1,18
LUGO	127.744	-1,28	-1,88
OURENSE	107.937	-0,58	-1,62
PONTEVEDRA	356.279	-0,82	-2,54
GALICIA	1.020.300	-0,87	-1,79
ESPAÑA	17.671.480	-0,25	-1,47
R. XERAL			
A CORUÑA	323.721	-1,07	-0,87
LUGO	82.951	-1,85	-1,48
OURENSE	77.721	-0,86	-1,34
PONTEVEDRA	264.054	-1,20	-2,73
GALICIA	748.447	-1,18	-1,65
TOTAL NACIONAL	13.383.974	-0,48	-1,39
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	88.373	-0,26	-2,42
LUGO	38.558	-0,22	-3,15
OURENSE	26.853	-0,27	-2,50
PONTEVEDRA	68.658	-0,26	-2,14
GALICIA	222.442	-0,26	-2,47
ESPAÑA	3.122.484	-0,14	-2,27
R. ESPECIAL AGRARIO			
A CORUÑA	1.481	2,85	4,81
LUGO	1.377	1,03	-0,07
OURENSE	434	40,91	-1,36
PONTEVEDRA	1.794	51,01	10,40
GALICIA	5.086	18,31	4,74
ESPAÑA	799.737	3,48	-0,68
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.366	-0,06	-1,12
LUGO	2.023	-1,08	3,85
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	15.628	-0,74	-2,91
GALICIA	24.017	-0,59	-1,90
ESPAÑA	66.473	-1,36	-2,78
R. MINERÍA DO CARBÓN			
A CORUÑA	10	0,00	-37,50
LUGO	0	--	--
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	0	--	--
GALICIA	10	0,00	-37,50
ESPAÑA	6.588	-1,58	-9,16
R. ESPECIAL EMPREGADOS FOGAR			
A CORUÑA	8.390	-0,17	-0,59
LUGO	2.834	-0,07	-0,84
OURENSE	2.928	-0,20	-0,71
PONTEVEDRA	6.145	-0,28	-1,35
GALICIA	20.297	-0,19	-0,87
ESPAÑA	292.225	-0,70	1,76

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Rexímenes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.mtas.es>